

## Glosario de erros

A reincorporación, relativamente recente, do galego ao ámbito administrativo e xurídico e a excesiva presión do castelán provocan múltiples erros no emprego da nosa lingua. Neste glosario mostraremos as palabras que poden xerar máis dúbidas á hora de elaborarmos textos.

O asterisco \* sinala palabras incorrectas en galego.



## A

**aboamento:** (cast. *abono*) 'acción de pagar, aboar'.

**aboar:** (cast. *abonar*) 'pagar ou satisfacer unha cantidade de diñeiro'.

**abonar:** (cast. *abonar*) ten en galego a acepción de 'subscribir(se), particularmente a unha publicación periódica'; para a acepción de 'pagar ou satisfacer unha cantidade de diñeiro', debemos empregar *aboar*.

**abono:** (cast. *abono*) 'acción ou efecto de abonar(se) ou subscribir(se)', non debe confundirse con *aboamento*; tampouco ten a acepción de 'substancia para fertilizar a terra', que o galego denomina *fertilizante*.

**acompañar:** (cast. *acompañar*) non é aconsellábel empregar este verbo como sinónimo de *achegar* ou *xuntar* en contextos transitivos como *\*Ademais de acreditar os requisitos mencionados, habrá que acompañar a seguinte documentación*. É correcto o seu emprego noutros contextos como transitivo *A solicitude terá que ir acompañada da fotocopia do DNI*.

**achegar:** ten varias acepcións, entre as que cómpre destacar a de 'contribuír cunha cantidade para sufragar uns gastos'. Ex.: *O Concello achegou tres mil euros para construír un pavillón* (cast. *aportar*); outra acepción é a de 'presentar un documento xunto con outros'. Ex.: *Habrá que achegar á instancia unha fotocopia do DNI* (cast. *adjuntar*).

**\*acto delictivo:** acto delituoso.

**\*acusar recibo:** xustificar a recepción.

**\*acuse de recibo:** xustificante de recepción.

**\*adeudar:** deber.

**\*adeudo:** débito, cargo, débeda.

**adxunto -a:** (cast. *adjunto*) non debemos empregalo na forma masculina invariábel, moi frecuente no castelán, en contextos como: \**adxunto remito o documento*. O seu emprego correcto exige que concorde en xénero e número co substantivo ao que se refire. Así, diremos: *remítolle o documento...* ou ben: *remítolle os documentos adxuntos...*

\***adxuntar:** xuntar, achegar.

\***albacea:** testamenteiro.

\***allanamento á demanda:** avinza á demanda.

\***allanamento de morada:** violación de morada.

\***aluguer:** alugueiro. Os termos *alugamento*, *arrendamento*, *alugueiro* ou *arrendo* indican a 'acción de realizar unha cesión a cambio dun prezo por un determinado tempo'. *Renda* ou *alugueiro* designan a 'cantidade que se paga periodicamente por esa cesión'.

\***alzamento de bens:** ocultación de bens.

**aportar:** non ten uso na linguaxe administrativa. O seu significado en galego é 'chegar ao porto' ou 'arribar' (ver *achegar*). É un erro moi frecuente velo en contextos \**Aportaron ideas interesantes*; \**cómpre aportar esta documentación*. Neste casos, totalmente incorrectos, debemos substituílo por outros verbos como *contribuír*, *achegar*, *proporcionar...*

\***aportación:** achega.

\***apremiar:** apurar, constrinxir, apremar.

\***apremio:** apuro, présa // constrinximento, prema.

\***atestiguar:** testemuñar.

\***abogado -a:** avogado -a.

## B

\***bastanteo:** en galego, a forma correcta é *verificación* ou *validación*.

\***bursátil:** bolsista.

## C

**calidade:** (cast. *calidad* e *cualidad*) Esta palabra designa a 'superioridade de algo polas súas características' mais, alén desta acepción, tamén significa 'conxunto de características que constitúen a maneira de ser dunha persoa ou dunha cousa'. Por tanto, cobre o significado de dúas palabras do castelán (*calidad* e *cualidad*). Cómpre ter en conta que ambas as dúas viñan da mesma palabra do latín QUALITĀTE. En galego só existe *calidade*, \**cualidade* non é unha forma admitida no estándar.

\***careo**: acareo.

\***cauce**: conduto, canle, vía.

**caudal**: (cast. *caudal*) en galego, só ten a acepción de 'cantidade de auga dunha corrente'. Non ten a acepción do castelán de 'diñeiro, bens, fondos'. Entón, non se dirá \**malversación de caudais públicos* senón *malversación de fondos públicos*.

**celebrar**: (cast. *celebrar*) a acepción principal deste verbo é a de 'festexar algo'. Debemos evitar o seu emprego en contextos como: *celebrar unha reunión, celebrar un contrato...* Nestes contextos, debe ser substituído por verbos máis axeitados: *ter lugar, realizar unha reunión, asinar un contrato etc.*

\***colindante**: lindeiro -a.

\***conlevar**: implicar, supor.

\***coste**: custo.

\***cuota**: cota.

\***coxuntura**: conxuntura.

**creto**: (cast. *crédito*) para referírmonos a 'sona, boa fama ou credibilidade que ten algo ou alguén' empregamos normalmente *creto*. Mais, para denominar a 'operación pola que unha persoa ou entidade presta a outra unha cantidade de diñeiro' só empregaremos *crédito*.

**cualificar**: (cast. *calificar* e *cualificar*). Este verbo significa 'avaliar o grao de calidade de algo ou alguén' ou ben 'caracterizar alguén ou algo cunha determinada calidade'. En galego non existe \**calificar*.

**cumprimentar**: (cast. *cumplimentar*). En galego, só ten a acepción de 'facerlle os cumprimentos ou os parabéns a alguén' pero non se considera correcta a acepción moi estendida no castelán administrativo, de 'cubrir un documento'. Así, será incorrecta a frase \**cumprimentar unha instancia*; no seu lugar, escribiremos *cubrir unha instancia*.

\***cupo**: cota.

**custas**: (cast. *costas*) non se debe confundir con *costa* (do mar) ou *costas* (lombo), as *custas do xuízo*.

## D

\***danos e prexuízos**: este calco do castelán debe ser substituído por *danos e perdas*.

\***deixación**: (cast. *dejación*) desleixo, abandono.

\***delictivo**: delituoso.

\***desahucio**: desafiuzamento.

\***desahuciar**: desafiuzar.

\***desglose**: desagregación.

\***derogar**: derrogar.

**desenrolo**: só se emprega cando significa 'desenrolar algo que está enrolado'. Para outros significados, debemos usar desenvolvemento.

\***devengar**: (cast. *devengar*) segundo o contexto, debemos substituílo por *percibir*, *adquirir o dereito a percibir* (unha cantidade); *retribuír* (unha cantidade); *recoñecer* (un dereito, unha obriga); *producir*, *acumular* (xuros).

**dieta**: (cast. *dieta*) este substantivo só ten en galego o significado de 'régime alimentario'. Na acepción de 'estipendio que se lle dá a un traballador ou traballadora pola realización dun servizo fóra do seu lugar de residencia' debemos usar *axuda de custo*.

**dimitir**: (cast. *dimitir*) alén da acepción 'renunciar alguén a un cargo ou posto' tamén pode significar 'destituír alguén dun cargo ou dun posto', sinónimo de *cesar*.

**dirección**: (cast. *dirección*) esta palabra designa a acción de dirixir o traxecto ou liña que segue unha persoa ou unha cousa no seu movemento (*dirección prohibida*). Porén, *enderezo* emprégase para a indicación do domicilio ou residencia.

## E

\***encausar**: procesar.

\***enaxenar**: allear.

\***entablar**: presentar, interpoñer, formular. Para 'poñer táboas', empregaremos *entaboar*.

\***enxuízamento**: procesamento, axuízamento.

\***enxuízar**: procesar, xulgar, axuízar.

\***erogar**: errogar.

**evacuar**: (cast. *evacuar*). Debemos empregalo só co significado de 'baleirar'. Sería, por tanto, incorrecta unha frase do tipo *evacuar un informe*; a forma correcta é *emitir un informe*.

## F

**fallar**: (cast. *fallar*). Non equivale ao cast. *fallar* co significado de 'decidir un litixio ou proceso'. No seu canto, debemos empregar *decidir* ou algún outro sinónimo (*resolver*, *ditaminar*, *xulgar*). En galego só significa *errar*.

\***fallar unha sentenza**: resolver unha sentenza.

**fallo:** (cast. *fallo*). É un sinónimo de *erro*. Igual ca o verbo *fallar*, este substantivo non debe utilizarse como equivalente do cast. *fallo* co significado de 'decisión ou sentenza'.

\***fehaciente:** que dá fe, incuestionábel, fidedigno.

\***financieiro -a:** financeiro -a.

\***finca:** predio, leira, soar.

\***finiquito:** liquidación.

**firma:** (cast. *firma, rúbrica*). Tamén se di *sinatura*. *Firma* tamén é sinónimo de 'marca comercial'.

**fraude:** este substantivo ten xénero feminino (*a fraude fiscal*).

## G

\***garantizar:** garantir. Conxúgase segundo o modelo de *partir* (*garanto, garantes, garante...*).

**grao:** (cast. *grado*) non debe confundirse con *grado* nin con *gran*. *Grado* existe na expresión 'de bo grado'. *Gran* é unha semente, unha pequena partícula libre ou unha broulla que nace na pel.

\***gubernamental:** governamental.

## I

\***impago:** non-pagamento.

\***incomparecencia:** non-comparecencia.

\***incurrir:** incorrer.

**informar:** é equivalente do cast. *informar* en todas as acepcións, pero debe evitarse o seu emprego co significado de 'emitir informe'. Así pois, non son correctas as expresións seguintes: \**informar unha resolución*, \**resolución informada*; no seu canto, debemos dicir *emitir informe* ou *informar sobre unha resolución*, *resolución sometida a informe* ou *resolución obxecto de informe*.

**instar:** (cast. *instar*). O seu correcto emprego exige unha construción do tipo 'instar alguén para facer algo'. Así pois, será correcto dicir: *Instaron a delegada provincial para que se constrúa un centro cultural*, pero non \**instaron a construción dun centro cultural*.

**interese:** (cast. *interés*) coa acepción de 'diñeiro que produce un capital' só podemos empregar *xuro*. O termo *interese* indica 'a circunstancia pola que unha cousa ten importancia ou valor para alguén'.

**inversión:** (cast. *inversión*) non equivale ao cast. *invertir* na acepción de 'colocación ou emprego dunha cantidade de diñeiro nun negocio con fins produtivos'. Nesta acepción, en galego, debe utilizarse *investimento*.

**investimento:** (cast. *inversión*) é equivalente do cast. *inversión* na acepción de 'colocación ou emprego dunha cantidade de diñeiro nun negocio con fins produtivos'.

**invertir:** (cast. *invertir* ou *invertir*) ten dúas acepcións, unha delas equivale a 'conferir unha dignidade ou un cargo importante' (cast. *invertir*); outra, equivale a 'colocar unha cantidade de diñeiro nun negocio con fins produtivos' (cast. *invertir*).

## L

**levantar:** este verbo significa 'alzar, erguer'. Non obstante, no ámbito xurídico é habitual velo noutros contextos, co significado de 'rematar, finalizar ou concluír'. Para *\*levantar acta* empregaremos *redactar a acta*; para *\*levantar a sesión* empregaremos *rematar a sesión*; para *\*levantar atestado* empregaremos *elaborar o atestado*.

**\*lonxano:** afastado, distante, arredado.

## O

**orzamento:** (cast. *presupuesto*). É sinónimo de *presuposto*. O verbo é *orzar*.

**\*orzamentar:** orzar.

**ostentar:** (cast. *ostentar*). A acepción primordial deste verbo é a de 'facer ostentación de algo'. Polo tanto, non é correcto o seu emprego, moi frecuente en castelán, en expresións como *\*ostentar un cargo*, *\*ostentar unha representación*. Debe dicirse mellor "*ocupar un cargo*", "*exercer unha representación*".

## P

**\*pagadeiro:** pagadoiro.

**\*pagaduría:** pagadoría.

**\*pagaré:** obriga de pagamento.

**percorrer:** (cast. *recorrer*). Atravesar un espazo. *Recorrer* existe en galego co significado de 'presentar un recurso contra unha resolución xudicial, administrativa etc.' (cast. *recurrir*).

**\*plantexar:** presentar, propoñer, propor, expor, expoñer, formular, suscitar.

**\*plantexamento:** formulación, presentación, exposición, proposta, proxecto.

**\*plantilla:** Para traducir o castelán *plantilla* cómpre ter en conta as tres acepcións que

posúe a palabra: cadro de persoal, persoal, persoas empregadas... (*o cadro de persoal desta empresa está formado por cinco persoas*); formulario, modelo... (*É preciso cubrir o formulario que se anexa*); soleta 'peza interior do calzado que cobre a planta' (*necesito unhas soletas para estes zapatos*).

\***pleito**: preito.

\***pliego**: prego.

\***ponencia**: relatorio.

\***postor**: licitador, ofertante.

\***presupuestario**: orzamentario.

\***prorrata**: pro rata.

\***prorratear**: ratear.

\***prorrateo**: rateo.

## R

\***rasgo**: trazo.

\***recabar**: solicitar, pedir, demandar, reclamar, recadar, conseguir, recoller, obter.

\***recargo**: recarga.

\***recaudatorio**: de recadación.

\***recibí**: xustificante de recepción.

\***recién**: acabado de.

**recorrer**: (cast. *recurrir*). Na acepción de 'presentar un recurso contra unha disposición, unha sentenza etc.' debe rexer a preposición *contra*; así, non é correcto dicir: \**O condenado recorreu a sentenza*, senón que debemos dicir: *O condenado recorreu contra a sentenza*. Tampouco é correcto dicir: \**A sentenza recorrida*, si en cambio: *A sentenza obxecto de recurso* ou *A sentenza contra a que se recorreu*.

\***refrendar**: referendar.

\***rellenar**: encher, cubrir.

\***rentabilidade**: rendibilidade.

\***rentable**: rendible rendíbel.

\***requerimento**: requirimento.

\***respaldar**: apoiar.

\***revocar**: revogar.

## S

**secreto -a**: (cast. *secreto/a*). Só ten uso como adxectivo (*a policía secreta*). O substantivo é *segredo* (*o segredo da familia*).

\***seña**: *aceno, xesto//dato, enderezo*. En galego, nunca equivale a 'enderezo ou lugar de residencia'.

\***sobreseimiento**: sobresemento.

\***solventar**: resolver.

\***sondeo**: sondaxe.

\***subasta**: poxa.

**suborno**: (cast. *soborno* e *cohecho*). En galego, non hai dúas palabras para denominar o suborno dun cidadán ou dunha cidadá calquera ou do funcionariado. Se queremos indicar o segundo dos conceptos recorreremos a 'suborno dun funcionario ou dunha funcionaria'.

\***subsananar**: corrixir, emendar, rectificar.

\***substracción**: subtracción.

\***substraer**: subtraer.

\***surtir**: dependendo dos contextos, empregaremos *abastecer* (*abastecer os mercados*) ou *producir* (*producir efectos*).

## T

\***tantear**: tentear.

\***taquilla**: despacho de billetes, portelo.

\***tasa**: taxa.

\***tasar**: taxar.

**testemuña**: (cast. *testigo*) persoa que presenza un feito; o termo 'testemuño' (cast. *testimonio*) designa a declaración que fai a testemuña.

\***turno**: quenda, vez, rolda

\***turnar**: aquendar, repartir por quenda, alternar, rotar.

\***tutear**: atuar.

\***tutoría**: titoría.



## U

\***ubicación**: situación, localización.

\***urbán -á**: urbano -a.

**urxir**: (cast. *urgir*). O seu emprego é correcto como verbo impersoal en construcións do tipo *urxía unha intervención rápida, urxe a comparecencia da persoa interesada*. Non son correctas as construcións transitivas do tipo: *\*Urxiron da Deputación a construción dunha estrada, \*Urximos ao concelleiro para que tome unha decisión*.

\***usufructo**: usufruto.

\***utillaje**: útiles, equipamento, instrumental, ferramentas.

\***uxier**: conserxe.

## V

\***vecindade**: veciñanza.

\***ventanilla**: ventá, portelo.

\***veredito**: veredicto.

\***vía de apremio**: vía de constrinximento, vía de prema, vía executiva.

\***visto bo**: visto e praxe.

\***viudedade**: viuvez.

**vixilante** (cast. *vigilante*) esta palabra pode funcionar como adxectivo (*prometeu unha actitude vixiante para evitar delitos ambientais*) ou como substantivo (*traballaba como vixilante nocturno*). Non obstante, a forma *vixiante* só pode empregarse como adxectivo 'que está en actitude ou disposición de vixiar'.

**vogal**: (cast. *vocal*). Integrante dun xurado, consello, tribunal etc., que ten voz. Tamén se lle chama así a cada un dos sons que se producen cando o aire non atopa obstáculos nos órganos de articulación ao saír e ás letras que representan estes sons.

## X

**xeral**: (cast. *general*). Significa 'común'. Só empregamos *xeneral* para nomear o cargo militar (cast. *general*).

**xerar**: (cast. *generar*). Este verbo pertence a unha familia irregular, por tanto, temos *xeneralizar, dexenerar, rexenerar, xeneralidade...*

\***xurisdicción**: xurisdición.

**xuro**: (cast. *interés*) rédito.

\***xusticieiro**: xusticeiro.

\***xuzgar**: xulgar

